

Comunicado do Grupo Galego de Vivenda Colaborativa en relación á polémica polo sobrecusto das vivendas en alugueiro social en Xuxán, Coruña

O Grupo Galego de Vivenda Colaborativa quiere expresar o seu desacordo con que proxectos levados por Xestoras de Cooperativas poidan ser considerados como Vivenda Colaborativa.

Desde a **empatía coas persoas afectadas** polo sobrecusto na **operación inmobiliaria** que está a levar a cabo **Galivivenda** e **desexando** que coa colaboración das partes implicadas, tanto públicas como privadas, atopen unha **pronta solución a súa problemática**, queremos manifestar o noso **desagrado polo emprego do nome de Vivenda Colaborativa para algo que claramente non o é**.

En primeiro lugar non existe un grupo humano non empresarial ó fronte do proxecto se non unha xestora de cooperativas movida lícitamente por un interese lucrativo e polo tanto a primeira premisa necesaria para poder falar de Vivenda Colaborativa que é a autoxestión do grupo tecnicamente acompañado que pilota todas as fases desde a ideación á construción e a convivencia non se cumpre. **Existe lucro e a propiedade non está clara ata que punto é dos cooperativistas se non son estes quen toman as decisións.**

En segundo lugar é evidente que a Xestora de este proxecto non pertence ao ecosistema colaborativo pola súa procura de lucro. A vivenda colaborativa parte como resposta da economía social e solidaria ante a necesidade humana de procurarse un fogar onde poder desenvolver un proxecto de vida en comunidade. Dicimos que é evidente posto que **os xestores de Galivivenda non van residir en Xuxán** e polo tanto non van formar parte de esa comunidade. **Igualmente parece que tecnicamente empregaron as ferramentas propias das promocións cooperativas ao uso** distintas das empregadas polas técnicas e técnicos que, pertencentes a este ecosistema, acompañan os proxectos. **A intención de vida comunitaria e apoio mutuo tampouco parece cumprirse.**

En terceiro lugar **un alugueiro de 1000€ non é nin alcanzable nin inclusivo**. Terceiro piar que non se cumpre.

En cuarto tampouco parece que **a distancia xeográfica entre a radicación da Xestora e o edificio sexa a máis acaida para fomentar o compromiso coa contorna.**

Resumindo. A novidade do modelo esta a xerar confusión sobre o que é e non é Vivenda Colaborativa. E non soamente iso se non que **o descoñecemento das administracións esta facendo que na práctica as axudas estean sendo mal deseñadas permitindo a entrada de actores alleos** ao mesmo con consecuencias humanas lamentables.

Por todo isto poñémonos o servizo das distintas administracións para avaliar e mellorar o feito e acadar a consolidación do modelo.

*VIVENDA COOPERATIVA EN CESIÓN DE USO SEN ÁNIMO DE LUCRO
CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DO MODELO*

- 1. Non lucro e propiedade cooperativa*
 - 2. Autopromoción e comunidade*
 - 3. Vivenda accesible e inclusiva*
 - 4. Corresponsabilidade coa contorna*
 - 5. Crecemento e replicabilidade*
- (fonte: Grupo de Vivenda en REAS Red de Redes)*

Contacto: Miguel A. de la Peña Cristiá. 699820148. gavivcol@gmail.com